

FERROL

EDICTO

Aprobación inicial estudio de viabilidade para a construción e explotación do centro comercial de ocio de Caranza, Ferrol

A Xunta de Goberno Local en sesión levada a cabo o día 20 de decembro de 2004 acordou aprobar inicialmente o "Estudio de viabilidade para a construción e explotación do centro comercial e de ocio de Caranza", e somete-lo citado estudio a información pública polo prazo dun mes, o cal poderá consultarse no 5º andar do edificio de Urbanismo sito na rúa María, num. 52-54 de Ferrol.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ferrol, 22 de decembro de 2004

O ALCALDE

Asdo.: Juan Manuel Juncal Rodríguez

14836-0

MUXÍA

ANUNCIO

Modificación Ordenanza taxa documentos administrativos

O pleno, en sesión celebrada o día 22 de decembro de 2004, acorda aprobar inicialmente a modificación da ordenanza da taxa de expedición de documentos administrativos, que queda exposta ó público durante 30 días a efectos de posibles reclamacións.

Muxía, 23 de decembro de 2004.

O alcalde

Alberto Blanco Rodríguez

14834-0

ANUNCIO

Ordenanza taxa actividades deportivas

O pleno, en sesión celebrada o día 22 de decembro de 2004, acorda aprobar inicialmente a ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servicios deportivos, que queda exposta ó público durante 30 días a efectos de posibles reclamacións.

Muxía, 23 de decembro de 2004

O alcalde

Alberto Blanco Rodríguez

14832-0

ANUNCIO

Aprobación inicial presuposto 2005

Aprobado inicialmente o orzamento municipal para o exercicio 2005, en sesión celebrada polo concello pleno o día 22 de decembro do 2004, así como a documentación complementaria; en cumprimento do disposto no artigo 150.1 da Lei 39/88 do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, expónse ó público polo prazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP, co fin de que poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas.

O orzamento considérase definitivamente aprobado se durante o prazo mencionado non se presentan reclamacións.

Muxía, 23 de decembro de 2004.

O alcalde

Alberto Blanco Rodríguez

14833-0

SADA

EDICTO

Aprobación definitiva da Ordenanza xeral de limpeza e medio ambiente

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o 29 de outubro de 2004, a Ordenanza Xeral de Limpeza e Medio Ambiente, en cumprimento do preceptuado no artigo 70.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local e artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publícase o texto íntegro da mesma, anexo ó presente edicto.

Sada, 7 de decembro de 2004

O Alcalde

Asdo.: Ramón Rodríguez Ares

ANEXO

ORDENANZA XERAL DE LIMPEZA E MEDIO AMBIENTE

TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

CAPÍTULO I.

ARTIGO 1.-

Esta ordenanza ten por obxecto a regulación das actividades relativas a:

- Limpeza de vías e espazos públicos.
- Recollida de lixo e residuos sólidos urbanos, o seu transporte ó vertedoiro e, de se-lo caso, o seu tratamento.
- Mantemento e conservación de terreos, edificacións e instalacións de titularidade pública ou privada en boas condicións estéticas, de salubridade e de seguridade.
- Medidas de protección do medio ambiente natural e urbano.

ARTIGO 2.-

No non regulado expresamente na presente ordenanza será de aplicación o disposto na Lei 10/97 de 22 de agosto, de Residuos sólidos urbanos de Galicia; na Lei 10/98 de 21 de abril, de Residuos e na Lei 1/1995 de 2 de xaneiro de Protección ambiental de Galicia.

CAPÍTULO II.- DA LIMPEZA DA VÍA PÚBLICA.

ARTIGO 3.-

1.- A limpeza da vía pública, rúas, glorietas, prazas, zonas axardinadas e espazos públicos en xeral, así como a dos mercados na vía pública, praias, e a recollida dos residuos procedentes da mesma será realizada pola Administración Municipal, ben directamente ou a través das empresas concesionarias

do servizo, coa frecuencia e a través das formas que determine o Concello.

2.- A limpeza das rúas e solares de dominio privado deberá efectuarse polos seus propietarios.

ARTIGO 4.-

1.- Corresponderá ós propietarios ou no seu caso ós habitantes dos inmobles, manter limpos os patios de luces.

2.- Queda expresamente prohibido que as persoas que realicen a limpeza de locais, portais ou edificios arroxeen ás beirarrúas ou á calzada os restos que barran dos interiores.

3.- Igualmente queda prohibido baldear a vía pública con auga, xabón ou lixivia da limpeza de interiores.

4.- Prohíbese o depósito en pozos, rexistros e rede de saneamento de calquera produto resultante da limpeza urbana.

ARTIGO 5.-

1.- A limpeza de solares corresponderá ós propietarios dos mesmos, sen prexuízo da obriga de proceder ó seu valado na forma en que regulamentariamente se estableza nas Ordenanzas Municipais.

2.- Dende os solares particulares, non pode sobresaír á vía pública ningunha clase de vexetación ou maleza.

3.- O Concello poderá ordenar, de oficio ou por solicitude de calquera persoa interesada, a execución das obras ou traballos necesarios para repoñer ou conservar aquelas condicións, co sinalamento do prazo de realización e coa advertencia de execución subsidiaria polo propio Concello e a cargo do obrigado.

ARTIGO 6.-

1.- Prohíbese arroxar á vía pública todo tipo de residuos como colillas, cáscaras, papeis ou calquera outro desperdicio similar. Os que transiten polas rúas, prazas, xardíns e outros espazos libres públicos e quixeran desprenderse de residuos de pequena entidade, como os anteriormente mencionados, utilizarán as papeleiras instaladas a tal fin.

2.- Os usuarios deberán absterse de toda manipulación sobre as papeleiras; movelas, envorcalas ou arrancalas, así como calquera outro acto que deteriore a súa presentación ou as faga inutilizables para o uso a que están destinadas.

3.- A instalación, mantemento e reposición de papeleiras realizarase ben pola Administración Municipal ou mediante concesión administrativa por unha empresa privada.

4.- Os danos causados ás papeleiras, que signifiquen a necesidade da súa reposición, serán sufragados polos que os ocasionasen, sen prexuízo das sancións reflexadas na presente ordenanza.

5.- Os danos que se causen en árbores ou en outro mobiliario urbano, serán así mesmo sufragados polas persoas que os tivesen ocasionado, independentemente das sancións que lles correspondan de acordo a esta ordenanza.

ARTIGO 7.-

Queda prohibido realizar calquera operación que poida ensuciar as vías e espazos libres públicos e de forma especial:

a) Lavar ou limpar vehículos, así como cambiar ós mesmos o aceite e outros líquidos.

b) Manipular ou seleccionar lixos ou residuos urbanos, producindo a súa dispersión, dificultando a súa recollida ou alterando os seus envases.

c) Sacudir prendas ou alfombras na vía pública ou sobre a mesma, dende os edificios.

d) Ter a roupa tendida á vía pública, sen prexuízo da prohibición xenérica de instalar tendedeiros nas fachadas dos inmobles.

e) Satisfacer as necesidades fisiolóxicas na vía pública.

ARTIGO 8.-

1.- Queda prohibido repartir ou lanzar carteis, folletos ou follas soltas, ensuciando os espazos públicos.

2.- Terán a condición de actos independentes a efectos de sanción cada actuación separada no tempo e no espazo, contraria ó establecido no número anterior, sendo responsables da infracción aquelas persoas físicas ou xurídicas que promovan ou xestionen a publicidade, e, no seu defecto e salvo proba en contrario, aquelas a favor das cales se faga a mesma.

ARTIGO 9.-

1.- Os que estean á fronte de quioscos ou postos autorizados na vía pública, ben sexa situados illados ou en mercadiños, deberán dispor das súas propias papeleiras e están obrigados a manter limpas tanto estas papeleiras como o espazo no que desenrolen o seu cometido e as súas proximidades durante o horario en que realicen a súa actividade e a deixalo no mesmo estado unha vez finalice esta.

2.- A mesma obriga incumbe ós donos de cafés, bares e establecementos análogos, en canto á superficie da vía ou espazo libre que se ocupe con veladores e cadeiras, así como a beirarrúa correspondente á lonxitude da súa fachada, debendo retirar todo tipo de envases, plásticos, papeleiras, e demais obxectos da súa pertenza no momento do peche do establecemento.

No caso de reiteración, ademais das sancións poderá revocarse a licenza ou suspendela polo prazo de un ano.

ARTIGO 10.-

1.- Terminada a carga e descarga de calquera vehículo con observancia das normas que para tales actividades establece a Ordenanza de Circulación, procederase a limpar as beirarrúas e calzadas que fosen ensuciadas durante a operación, retirando da vía pública os residuos vertidos.

2.- Están obrigados ó cumprimento deste precepto os donos dos vehículos e, subsidiariamente, os titulares dos establecementos ou fincas en que se fixera a carga ou descarga.

ARTIGO 11.-

O persoal de establecementos ou industrias que utilicen para o seu servizo vehículos e os estacionen na vía pública, deberán limpar debidamente e coa frecuencia necesaria, o espazo ocupado polos mesmos.

ARTIGO 12.-

1.- Os propietarios e conductores de vehículos que transporten terras, escombros, materiais pulverulentos, áridos, formigón, cartóns, papeis ou calquera outra materia similar, terán que tomar tantas medidas sexan precisas para cubrir tales materiais durante o transporte e evitar que, a causa da súa natureza, por efecto da velocidade do vehículo ou do vento, caian sobre a vía pública auga, po ou parte dos materiais transportados.

2.- Nos vehículos que se utilicen en zona de obras, antes de saír á vía pública, deberá procederse ó lavado dos baixos e rodas.

ARTIGO 13.-

As obras nas que se produzan cantidades de escombros superiores a 1 m³, terán que utilizar para o seu almacenamento na vía pública contedores adecuados, para o que se contará coa preceptiva licencia municipal.

ARTIGO 14.-

1.- As persoas que conduzan cans ou outros animais polas vías ou espacios públicos, ademais de levalos atados e con buceira e cumprir os demais requisitos establecidos nas disposicións legais vixentes, deberán obrigatoriamente recoller e limpar as súas dexeccións. O Concello poderá establecer zonas onde levar a cabo as mesmas.

2.- No caso de que as dexeccións queden depositadas nas beirarrúas, xardíns ou outras zonas destinadas ó tránsito peonil, a persoa que conduza ó animal está obrigada á súa limpeza inmediata, e deberá deposita-los restos en papeleiras ou en contedores de lixo.

3.- Queda totalmente prohibido o acceso dos cans ás praias na época de verán dende o 1 de maio ata o 15 de outubro, podendo a Alcaldía establecer calquera outra prohibición ou limitación que por razóns hixiénico-sanitarias sexan procedentes.

4.- Serán sancionadas as persoas que alimenten animais na vía pública con gran cantidade de comida.

CAPÍTULO III.- LIMPEZA DE EDIFICIOS.

ARTIGO 15.-

1.- Cando se realice a limpeza de escaparates, portas, marquesiñas, toldos ou cortinas dos establecementos comerciais, adoptaranse as debidas precaucións para non causar molestias ós transeúntes, nin ensuciar a vía pública, e, se aínda así fose ensuciada, os donos dos establecementos están obrigados á súa limpeza, retirando os residuos resultantes.

2.- Iguais precaucións terán que adoptarse para a limpeza de balcóns e terrazas, así como o rego das plantas instaladas nos mesmos, permitíndose unicamente en horas de 22 a 8.

ARTIGO 16.-

1.- Co obxecto de manter as condicións de limpeza e pulcritude que existen o ornato e a estética do Municipio, queda prohibido:

- Colocar carteis e realizar inscricións ou pintadas en paredes, muros, quioscos, fachadas, farolas, reixas, valados, papeleiras, etc.

- Resgar, ensuciar ou arrancar aqueles carteis ou anuncios situados nos lugares ou emprazamentos autorizados a tal efecto.

2.- Consideraranse separadamente como actos sancionables as actuacións contrarias ó disposto no punto anterior, en relación cos anuncios ou carteis de calquera contido, fixados en cada inmoible ou demais lugares prohibidos.

ARTIGO 17.-

1.- Os propietarios ou titulares de edificios, monumentos, quioscos e demais inmobles, coidarán, en cumprimento da obriga establecida no artigo 15, de manter limpas as paredes e fachadas de calquera tipo de anuncio que non sexa o específico dunha profesión ou actividade mercantil.

2.- Unicamente se permitirá a colocación de carteis ou anuncios nos sitios destinados a este obxecto, sempre que estean amparados pola preceptiva licencia.

ARTIGO 18.-

1.- Os propietarios dos edificios están obrigados a manter en constante estado de limpeza as diferentes partes do inmoible, que sexan visibles dende a vía pública, debendo proceder ó seu pintado, remoción ou lavado, mantendo as condicións de ornato da edificación cando as circunstancias o requiran.

2.- Os propietarios dos baixos deberán cerra-los debidamente, con ladrillo ou bloque, procedendo ó seu pintado.

ARTIGO 19.-

Sen prexuízo da obriga xenérica dos propietarios de manter a limpeza das fachadas, cando un inmoible fose obxecto de pintadas ou pegada de carteis, o propietario ou persoa encargada comunicara ó Concello, que decidirá se procede a súa limpeza mediante os medios municipais e con cargo á persoa ou empresa responsable da actuación, no caso de ser esta coñecida.

ARTIGO 20.-

Durante os períodos de campañas electorais e aqueles outros de xeral participación cidadán, nos que sexa oportuna a realización de actos de propaganda e publicidade, o Concello de Sada permitirá, de conformidade co que se dispoña na respectiva normativa, a utilización daqueles lugares que habitualmente son usados para este fin, con excepción dos contedores de residuos, papeleiras e demais mobiliario urbano de características similares.

TÍTULO II.- RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS.

CAPÍTULO I.- NORMAS XERAIS.

ARTIGO 21.-

A recollida de residuos sólidos será establecida polo Concello, cos itinerarios, frecuencia e horario que se consideren oportunos, e prestarase, ben directamente pola Administración Municipal ou a través de concesión administrativa.

ARTIGO 22.-

1.- Da recepción de residuos sólidos urbanos farase cargo o persoal do Servizo municipal ou no seu caso da empresa concesionaria.

2.- Ningunha persoa física ou xurídica poderá dedicarse á recollida, transporte ou aproveitamento dos residuos sólidos urbanos, e industriais asimilables ou non asimilables, calquera que sexa a súa natureza (papel, vidro, madeira, plásticos, pilas, baterías), sen a previa concesión ou autorización municipal.

CAPÍTULO II.- RESIDUOS DOMICILIARIOS.

ARTIGO 23.-

1.- Enténdese por residuos domiciliarios os que proceden da normal actividade doméstica, así como os producidos en establecementos comerciais que pola súa natureza e volume sexan asimilables ós anteriores.

2.- O Concello disporá que en todo o Municipio ou en sectores ou zonas determinadas, se presenten por separado ou se depositen en recipientes especiais aqueles residuos susceptibles de distintos aproveitamentos, tales como papel, cartón, vidro, latas, pilas, etc.

3.- Será obriga do servizo municipal de recollida ou da empresa concesionaria, o baleirado dos contedores propios do servizo de limpeza que se utilicen para depositar as varreduras e desperdicios procedentes de papeleiras.

4.- Prohíbese a utilización por parte dos particulares dos contedores propios do servizo de limpeza.

ARTIGO 24.-

1.- O depósito dos residuos domiciliarios farase obrigatoriamente no tipo de recipiente normalizado que en cada caso sinala o Concello e que serán subministrados por este en número suficiente para atender as necesidades dos habitantes, previo informe das necesidades reais. Os comerciantes que polo volume de lixo precisen un maior número de contedores, deberán adquiri-los pola súa conta, si ben deberán ser homologados polo Concello.

2.- Os usuarios de tales recipientes teñen a obriga de conservalos en adecuadas condicións de hixiene, non podendo ser lavados na vía pública.

3.- As operacións de lavado e limpeza que, no seu caso esixan os recipientes normalizados, serán efectuados periodicamente polo Concello ou empresa concesionaria do servizo, agás nos casos de contedores individuais que deberán ser lavados e mantidos en bo estado polos usuarios dos mesmos.

4.- Os titulares dos establecementos que manexen ou utilicen produtos perecedoiros deberán depositalos, sempre dentro de bolsas, en contedores individuais non podendo usar os comunitarios.

5.- As caixas de cartón de grandes dimensións deben ser fraccionadas e empacetas correctamente antes de introducirlas no contedor normalizado co fin de que ocupen o menor espazo posible.

ARTIGO 25.-

1.- Nas zonas nas que existan recipientes normalizados, os veciños depositarán neles os residuos, e o persoal do vehículo colector baleirá o contido dos recipientes no camiión e depositaolos baleiros onde se encontraban.

2.- Nun e noutro suposto, a lixo e desperdicios depositaranse en bolsas perfectamente cerradas e sen líquidos, non podendo deixarse nos contedores antes das 20:00 horas.

ARTIGO 26.-

1.- Os contedores estarán situados na vía pública, naqueles lugares que se determinen pola Administración Municipal.

2.- No suposto de que os establecementos comerciais xeneren un elevado número de residuos asimilables a urbanos, o Concello poderalles esixir que instalen, ó seu cargo, un sistema de compactación previo dos residuos que se depositarán nos contedores normalizados.

ARTIGO 27.-

1.- Nos centros públicos ou privados, mercados, galerías de alimentación, centros sanitarios, etc., a recollida efectuarase polo servizo municipal ou empresa concesionaria

2.- Os produtores e posuidores de residuos sólidos urbanos deberán dispoñer para a súa recollida no tipo de recipiente normalizado que en cada caso sinala o Concello en atención á natureza dos refugalllos, ás características do sector ou vía pública e á planificación do servizo.

3.- O Concello adquirirá a propiedade do lixo dende a súa entrega e recollida, calquera que sexa a forma da prestación do servizo.

CAPÍTULO III.- RESIDUOS INDUSTRIAIS.

ARTIGO 28.-

Serán considerados residuos industriais especiais aqueles que polas súas características non poidan ser clasificados como inertes ou asimilables ós residuos urbanos e en xeral os que presenten un risco potencial para a saúde pública ou o medio ambiente.

ARTIGO 29.-

Os produtores e posuidores de residuos industriais especiais, estarán obrigados á adopción de cantas medidas sexan necesarias para asegurar que o transporte, tratamento, eliminación, ou, no seu caso, aproveitamento dos mesmos, se realice sen risco para as persoas

ARTIGO 30.-

1.- Para desfacerse dos residuos industriais será necesaria a correspondente autorización municipal, indicándose á vista da natureza e características dos mesmos, o lugar para a súa eliminación ou aproveitamento.

2.- Os produtores de residuos que poidan resultar tóxicos ou perigosos, deberán previo á súa recollida, realizar un tratamento para eliminar ou reducir a súas características, así como adoptar as medidas para asegurar o seu traslado.

ARTIGO 31.-

1.- Estes residuos deberán ser depositados en vertedoiros de seguridade ou eliminados da forma que legalmente corresponda segundo a súa natureza.

2.- A xestión dos residuos de orixe industrial que teñan a consideración legal de tóxicos ou perigosos deberase facer a través dunha empresa debidamente autorizada e de conformidade coas disposicións da normativa correspondente.

CAPÍTULO IV.- RESIDUOS ESPECIAIS.

TERRAS E ESCOMBROS.

ARTIGO 32.-

1.- Queda terminantemente prohibido depositar nos recipientes normalizados os escombros procedentes de calquera clase de obras.

2.- Poderá autorizarse o vertido de escombros non asimilables nos terreos que propoña o solicitante sempre que se trate de material inerte, exista estudo de impacto ambiental e conte co informe favorable dos técnicos municipais.

3.- Nos supostos de utilización de escombros ou terras para recheos ou utilización en terreos particulares, deberá solicitarse previamente a preceptiva licenzia municipal, acompañada no seu caso de memoria sobre impacto ambiental.

4.- Queda prohibido acumular produtos perecedoiros en solares ou terreos.

ARTIGO 33.-

1.- Prohíbese depositar na vía pública toda clase de escombros ou restos procedentes de obras de construción e remodelación de edificios ou de obras realizadas no interior dos mesmos, sexa na súa totalidade ou nalgúnha das vivendas.

ARTIGO 34.-

1.- Os residuos e materiais do artigo anterior só poderán almacenarse na vía pública utilizando contedores de obra adecuados.

2.- A colocación de contedores de obra requirirá autorización municipal, previo abono das taxas correspondentes

3.- Os contedores de obra deben estar dotados dos dispositivos adecuados que permitan mantelos cubertos cando non sexan utilizados, para preservar o ornato urbano e evitar que outras persoas arroxen neles lixos domiciliarios ou trastes inútiles.

4.- Cando os contedores de obra se encontren cheos de escombros procederase, nun prazo non superior ás 24 horas, á súa retirada e substitución por outro baleiro. A estes efectos os materiais depositados non poderán rebasar en ningún caso o plano delimitado polas arestas superiores do contedor, estando prohibido o uso de suplementos ou engadidos para aumentala capacidade do recipiente.

En caso de incumprimento, o Concello poderá retirar-lo contedor, que unha vez baleiro quedará en depósito ata a súa devolución previo pago dos custos a que ascenda a retirada, transporte e vertido.

5.- Os contedores deberán ser retirados os venres antes das 20 horas e non poderán ser instalados de novo antes das 8 horas do luns. Caso de que houbera días festivos na semana, tamén deberán ser retirados os contedores.

MOBLES, ENSERES E OBXECTOS INÚTILES.

ARTIGO 35.-

1.- Queda prohibido depositar na vía pública obxectos para reserva de espacio.

2.- Queda prohibido o abandono de vehículos nas vías públicas. Entenderase que un vehículo está abandonado:

- Cando o estado de sucidade exterior ou interior indique o abandono.
- Cando teña unha ou mais rodas baixas ou careza dalgunha.
- Cando acumule sucidade baixo o vehículo a consecuencia da inmovilidade.
- Se o vehículo ten cristais rotos, portas abertas, falta de asentos ou outros danos semellantes.
- Cando careza de placas de matrícula.
- Cando o propietario se encontre en paradiro descoñecido, sen ningún familiar ou apoderado que se faga cargo da retirada.

Cando se xustifique o falecemento do titular con anterioridade polos herdeiros, concederáselle prórroga ata que se resolvan os correspondentes actos xurídicos.

3.- As persoas que desexen desprenderse de tales elementos solicitarano ó Concello que lles indicará data de recollida.

ANIMAIS MORTOS

ARTIGO 36.-

1.- As persoas que necesiten desprenderse de animais mortos realizarán os trámites oportunos pola súa conta e de acordo a normativa vixente.

2.- Queda terminantemente prohibido abandonar animais mortos en calquera tipo de terreo ou vía pública.

ARTIGO 37.-

A retirada de animais mortos na vía pública será competencia do servizo municipal de limpeza ou da empresa concesionaria do servizo

RESIDUOS CLÍNICOS

ARTIGO 38.-

A efectos desta ordenanza considéranse residuos clínicos os procedentes de vendaxes, gasas, algodón, xiringas, restos de medicamentos, e en xeral todo residuo que se produza en clínicas, sanatorios, hospitais, laboratorios e demais establecementos sanitarios de carácter análogo.

ARTIGO 39.-

1.- Os residuos procedentes de centros sanitarios han de estar debidamente envasados e cerrados utilizando para o caso recipientes normalizados.

2.- En ningún caso se permitirá o depósito ou vertido de materiais radioactivos, nin restos patolóxicos.

3.- Non se autorizará o vertido no Termo Municipal debendo facelo nos lugares autorizados pola Comunidade Autónoma.

OUTROS RESIDUOS.

ARTIGO 40.-

Inclúese neste apartado calquera outros residuos non sinalados especificamente entre os especiais ou aqueles que, procedendo de actividades comerciais, esixan unha recollida, transporte ou tratamento selectivo por razón das condicións anormais en que os mesmos se puideran atopar.

ARTIGO 41.-

Non se permitirá o vertido de produtos químicos, materias graxas, oleaxinosas, líquidos e calquera outro material non asimilable ou que sexa propio de vertedoiros industriais ou especiais.

ARTIGO 42.-

Para o baleirado de fosas sépticas será obrigatorio o permiso municipal previo pago das taxas correspondentes. Informaráselle detalladamente ós interesados das dilixencias a realizar para tal fin.

TÍTULO III.- MEDIO NATURAL FORESTAL.

CAPÍTULO I.- PROTECCIÓN DO MEDIO NATURAL FORESTAL.

ARTIGO 43.-

1.- Os titulares dos terreos agrícolas e forestais deberán mantelos en condicións de limpeza e hixiene adecuadas á súa natureza, e libres de silvas, mato e broza que poidan se-la orixe ou facilita-la propagación de incendios. Esa obriga deberá ser especialmente observada ó chega-la época de máximo perigo de lume forestal sinalada pola Consellería de Medio Ambiente.

2.- O Concello poderá ordenar, de oficio ou por solicitude de calquera persoa interesada, a execución dos traballos necesarios para repor ou conserva-las condicións de limpeza citadas co sinalamento dun prazo de realización e coa advertencia

de execución subsidiaria polo propio Concello a cargo do obrigado, tal e como establece a Ordenanza de limpeza de predios aprobada polo Pleno o 23-8-2001.

ARTIGO 44.-

O incumprimento do deber regulado no artigo anterior comportará a iniciación do correspondente expediente sancionador, coa imposición da multa que corresponda segundo a lexislación aplicable e sen prexuízo das responsabilidades nas que poida incorre-lo responsable no caso de que chegue a declararse o lume.

ARTIGO 45.-

En terreos forestais e agrícolas está prohibido botar:

- a) Mistos prendidos ou cigarros sen apagar
- b) Lixos, cristais, restos industriais ou calquera clase de obxecto que comporte perigo de lume forestal
- c) Foguetes, globos ou calquera outro trebello que conteña lume ou poida orixinalo, a non ser nas festas locais e sempre coas debidas precaucións e con autorización municipal e comunicación ó servizo de defensa contra incendios forestais da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente.

ARTIGO 46.-

1.- Na época de máximo perigo de lume forestal declarada pola Consellería competente, está prohibido prender lume ó aire libre en calquera clase de terreos forestais ou agrícolas.

2.- Os excursionistas e grupos de acampada soamente poderán facer lume nas lareiras preparadas para esa finalidade ou en lugares sen risco de propagación. Neste caso adoptarán as máximas precaucións e farán sempre a fogueira no centro dun círculo de 5,00 m de radio espido de vexetación. Asegurarase da total extinción do lume denantes de abandonar o lugar.

ARTIGO 47.-

1.- Fóra da época de máximo perigo, para a utilización do lume en traballos agrícolas e forestais será de cumprimento obrigatorio:

- a) A comunicación previa ó servizo de defensa contra incendios forestais, coa antelación mínima dun día, cando se trate de residuos agrícolas amoreados.
- b) A autorización previa do servizo de defensa contra incendios forestais, que se solicitará con antelación mínima de dous días, cando se trate de calquera outro tipo de queima, tales como residuos forestais, queimas controladas de mato ou pastos, etc.

2.- As queimas autorizadas deberanse facer sempre con suxeición ás normas dictadas polo Servizo de defensa contra incendios forestais, e en concreto:

- a) O lume non se poderá iniciar antes de saír o sol e deberá quedar totalmente extinguido dúas horas antes do solpor.
- b) Denantes do inicio do lume farase unha devasa mediante a eliminación manual ou mecánica da totalidade do material combustible nunha franxa de alomenos 5,00 m de ancho arredor do perímetro no que se vai queimar.
- c) Non se poden facer queimas en días de vento, e se este se levantara trala iniciación da queima suspenderase inmediatamente a operación.

d) Non se pode deixar a vixilancia da zona queimada ata que o lume estea totalmente apagado e transcorresen dúas horas sen que se rexistrasen lapas ou brasas.

e) Deberase contar con persoal e material abondo para o seu debido control.

ARTIGO 48.-

1.- Calquera persoa que advirta a existencia ou iniciación dun lume forestal está obrigada a intentar apagalo coa máxima rapidez se as condicións o permiten e, en todo caso, a informar o máis lixeiro posible ós axentes da autoridade máis próximos.

2.- As persoas que requiridas para iso pola autoridade competente ou polos seus axentes se neguen ou resistan sen causa xustificada a colaborar con eles na extinción dun lume forestal serán denunciadas e sancionadas de conformidade co que dispón a lei.

ARTIGO 49.-

1.- Se con motivo dos traballos de extinción de lumes forestais fose preciso, a criterio da autoridade que os dirixa, entrar en terreos forestais e agrícolas ou utilizar os camiños existentes e realizar neles traballos, como por exemplo, abrir devasas de urxencia ou anticipa-la queima, mediante cortallumes, de determinadas áreas que se xulgue que van a ser consumidas polo incendio, poderanse facer todas esas operacións aínda cando non se poida contar coa autorización dos donos dos terreos. Nestes casos informarase o máis axiña posible á autoridade xudicial para os efectos legais procedentes.

2.- Tamén se poderán utilizar as augas públicas e privadas nas cantidades que sexan precisas para a extinción do lume, aínda que neste último caso se opoña o seu titular.

ARTIGO 50.-

Será necesaria a licenza municipal, sen prexuízo das outras autorizacións administrativas que fosen procedentes de conformidade coa lexislación específica aplicable, para a realización da corta de árbores ou especies que estean integradas en masas e espazos boscosos, arbóreos e parques.

TÍTULO IV.- RÉXIME SANCIONADOR.

CAPÍTULO I.- NORMAS XERAIS.

ARTIGO 51.-

1.- O servizo de inspección e os axentes da Policía Municipal denunciarán cantas infraccións se produzan en relación coas normas da presente Ordenanza.

2.- Igualmente haberá de denuncia-las infraccións o persoal da empresa concesionaria, nos supostos de xestión indirecta do servizo.

3.- Toda persoa natural ou xurídica poderá denunciar ante o Concello as infraccións da presente Ordenanza.

ARTIGO 52.-

1.- As responsabilidades derivadas do incumprimento das obrigas sinaladas na presente Ordenanza, serán esixibles non só polos actos propios, senón tamén polos de aquelas persoas de quen se deba responder e polo proceder de animais dos que se fose propietario.

2.- Cando se trate de obrigas colectivas, a responsabilidade será atribuída á respectiva comunidade de propietarios ou habitantes do inmovible cando non estea constituída e, ó efecto, as

denuncias formularanse contra a mesma, ou no seu caso, a persoa que ostente a súa representación.

3.- Cando se trate de depósito de lixo ou de sacudida de alfombras ou prendas á vía pública fora de hora e non se poida detectar o infractor exacto do edificio, notificaráselle ó Presidente da Comunidade de Veciños, e poderá responsabilizarse á comunidade da infracción, caso de non comunicar o nome e domicilio do infractor.

ARTIGO 53.-

1.- Considéranse infraccións administrativas en relación cas materias á que se refire esta Ordenanza, os actos ou omisións que contraveñan o establecido nas normas que integren o seu contido.

2.- As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves, conforme se establece nos artigos seguintes.

CAPÍTULO II.- PROCEDEMENTO SANCIONADOR E SANCIÓN.

ARTIGO 54.-

1.- Para impor unha sanción derivada dunha infracción recollida na presente Ordenanza, deberá incoarse o oportuno expediente sancionador, que se tramitará conforme ó Real Decreto 1398/1993 de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento sancionador para o exercicio da potestade sancionadora.

2.- Compete á Alcaldía a imposición das sancións previstas na presente Ordenanza.

ARTIGO 55.-

1.- Considéranse infraccións Leves:

a) A falta de limpeza das rúas particulares ou outros espazos libres do mesmo carácter.

b) A falta de limpeza nos solares.

c) Arrojar desperdicios á vía pública, así como realiza-las operacións prohibidas no artigo 7, agás cambia-lo aceite e outros líquidos ós vehículos.

d) O incumprimento das disposicións en materia de limpeza, nos suposto do artigo 9.

e) Non manter en constante estado de limpeza as diferentes partes dos inmobles que sexan visibles dende a vía pública.

f) Expoñer alimentos ou outros produtos comerciais na vía pública ou vehículos.

g) Deixar na vía pública residuos procedentes da limpeza de escaparates, portas ou toldos de establecementos comerciais.

h) Resgar, ensuciar ou arrancar carteis ou anuncios colocados nos lugares ou emplacements autorizados.

i) En relación cos contedores e cubos normalizados, a falta de coidado cos mesmos, colocalos na vía pública ou retiralos fóra do tempo establecido, utilizar outros distintos ós autorizados ou sacar lixo que os desborde.

j) Deposita-lo lixo ou desperdicios sen bolsa nos contedores ou na vía pública.

k) Utilizar os contedores do Servicio de limpeza para deposita-los residuos domiciliarios.

2.- Considéranse infraccións Graves:

a) A reincidencia en tres infraccións leves.

b) Cambia-lo aceite e outros líquidos ós vehículos na vía e espazos libres públicos.

c) Realizar actos de propaganda mediante reparto, lanzamento de carteis, follas soltas, etc., que ensucien os espazos públicos.

d) Omitir as operacións de limpeza despois da carga ou descarga de vehículos ou incumplir as obrigas do artigo 11.

e) Incumplir as normas relativas á retirada de escombros procedentes de obras nas vías públicas que sinala o artigo 13.

f) A non recollida inmediata dos excrementos evacuados polo animal nas vías públicas.

g) Colocar carteis en lugares non permitidos e realizar inscricións ou pintadas.

h) Usar indebidamente ou danar os contedores subministrados polo Concello, así como causar deterioro ás papeleiras.

i) Abandonar mobles ou enseres na vía ou espazos públicos.

j) Abandonar cadáveres de animais, ou a súa inhumación en terreos de dominio público.

k) Abandonar vehículos nas vías públicas.

l) Levar cans ou outros animais ás praias.

m) Alimentar ós animais na vía pública.

3.- Considéranse infraccións Moi Graves:

a) Reincidencia en dúas faltas graves.

b) Dedicarse á recollida, transporte ou aproveitamento de residuos sen a debida autorización.

c) Non proporcionar ó Concello os datos relativos á natureza dos residuos ou facilitar información falsa sobre os mesmos.

d) Non retirar os contedores de obras no prazo establecido.

e) Vertido de lixo e residuos sólidos en lugares non autorizados.

f) Queimar lixo.

g) Depositar residuos clínicos no termo municipal.

ARTIGO 56.-

Como contía das sancións fíxanse as seguintes:

a) Faltas Leves: apercibimento e multas de 30 a 90 Euros.

b) Faltas Graves: multas de 90,01 a 600 Euros.

c) Faltas Moi Graves: multas de 600,01 a 3000 Euros. Nos supostos de reincidencia nestas faltas, imponense as sancións previstas na Lei 10/1998 de 21 de abril, de Residuos.

ARTIGO 57.-

Para determina-la contía da sanción atenderase ás circunstancias concurrentes nos feitos que a motivaron, tales como natureza da infracción, grao de intencionalidade e reincidencia, así como aqueles factores que poidan considerarse como atenuantes ou agravantes.

ARTIGO 58.-

A prescrición das faltas producirase:

a) Infraccións Leves: 3 meses

b) Infracción Graves: 6 meses.

c) Infraccións Moi Graves: 1 ano.

DISPOSICIÓN FINAL.-

A presente Ordenanza, que consta de cincuenta e oito artigos e unha disposición final, entrará en vigor logo de que se publique enteiramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días a que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.-

14853-0

V. ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

TRIBUNAL SUPERIOR DE JUSTICIA DE GALICIA

ANUNCIO

Edicto judicial

FRANCISCO JAVIER GAMERO LÓPEZ-PELAÉZ, SECRETARIO DE LA SALA DE LO SOCIAL DEL TRIBUNAL SUPERIOR DE JUSTICIA DE GALICIA, DOY FE Y

CERTIFICO: Que en el Recurso de Suplicación núm. 533-04--ESF seguidos a instancia de MUTUA GALLEGA DE ACCIDENTES DE TRABAJO contra TESORERIA GENERAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL, INSTITUTO NACIONAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL, IBERMUTUAMUR, LA EMPRESA BENITO DANS S.A., DOÑA ANTONIA ROSA VEIJA DE EVORA (en representación de sus hijos menores Natalia González Vega y Adolfo González Vega), D.ª REMEDIOS AGUILERA MARTIN, D.ª PATRICIA GONZALEZ AGUILERA Y D.ª JESSICA GONZALES AGUILERA, sobre ACCIDENTE, recayó sentencia en fecha trece de Diciembre del presente año, que copiada en los particulares necesarios dice así:

FALLAMOS: Declaramos la nulidad de la sentencia dictada por el Juzgado de lo Social n.º 4 de esta Ciudad, con fecha 20 de Octubre de 2003, en los presentes autos n.º 179/01, seguidos a instancia de la Mutua Gallega de Accidentes de Trabajo frente a el Instituto Nacional de la Seguridad Social; la Tesorería General de la Seguridad Social; la entidad Ibermutuamur; la empresa Benito Dans S.A.; Antonia Rosa Veiga de Evora en representación de sus hijos menores Natalia y Adolfo González Veiga; Remedios Aguilera Martín, Patricia González Aguilera y Jessica González Aguilera y, en consecuencia, reponemos las actuaciones al momento inmediatamente posterior a la conclusión del acto de juicio, a fin de que por la Magistrada de instancia se dicte nueva sentencia resolviendo todos los puntos litigiosos que han sido planteados por las partes y plasmando en grado azas, con plena libertad de criterio y Jurisdicción, los fundamentos en que se basa la resolución judicial, esto es, los hechos probados de que se parte, matizando o aclarando las contradicciones observadas, y la calificación jurídica que se les atribuye a tales hechos

Notifíquese esta resolución a las partes y a la Fiscalía del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, haciéndoles saber que contra la misma sólo cabe Recurso de Casación para unificación de doctrina que se preparará por escrito ante esta Sala de lo Social dentro de los DIEZ DIAS siguientes a la notificación de esta Sentencia y de acuerdo con lo dispuesto en los artículos 218 y siguientes de la Ley de Procedimiento Laboral y una vez

firme expídase certificación para constancia en el Rollo que se archivará en este Tribunal incorporándose al correspondiente Libro de Sentencias; previa devolución de los autos al Juzgado de lo Social de procedencia.

Así por esta nuestra sentencia, lo pronunciamos, mandamos y firmamos."

Y para que así conste a efectos de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia, a fin de que sirva de notificación en forma a la empresa BENITO DANS S.A. Y a D.ª. Antonia Rosa Veija de Evora (en representación de sus hijos menores), expido y firmo la presente en A Coruña a trece de Diciembre de dos mil cuatro.

EL SECRETARIO

14482-x

Juzgado de lo Social número 2 de Ferrol

EDICTO

Expediente número 140/04; sobre indemnización

CÉDULA DE NOTIFICACIÓN

D./Dª MARTA DE VICENTE GUTIERREZ, Secretario/a Judicial del Juzgado de lo Social número 2 de Ferrol, HAGO SABER:

Que en autos n.º 140/04 de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de Armando Gómez Pérez, contra la Empresa Izar Ferrol S.A., Montajes Salido, Montajes del Cantábrico, J.M. Cantábrico, Montajes del Noroeste, se ha dictado la siguiente resolución:

PROVIDENCIA

Secretario/a Marta de Vicente Gutiérrez.

Ferrol, 14 de diciembre de dos mil cuatro.

Se señala para la celebración de juicio del mencionado expediente el día 31 DE ENERO DE 2005 A LAS 10,55 HORAS. Librense las citaciones correspondientes.

Contra esta resolución cabe interponer recurso de reposición a presentar en este Juzgado dentro de los CINCO DÍAS hábiles siguientes al de recibirla, cuya sola interposición no suspenderá la ejecutividad de lo que se acuerda (artículo 184-1 de la Ley de Procedimiento Laboral).

Lo que propongo a S.Sª para su conformidad.

CONFORME

LA MAGISTRADA JUEZ

EL/LA SECRETARIO/A JUDICIAL